



www.oqueleo.es

© Do texto: 2022, María Reimóndez

© Desta edición:

2022, Sanoma Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.
Oqueleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana
Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Infantil y Juvenil, S. L.
Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-41-9

Depósito legal: M-8642-2022

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: setembro de 2022

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja


Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega,

Álvaro Recuenco e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas
na fabricación deste libro son reciclables
e cumpren amplamente coa normativa
europea de desenvolvemento sostible,
economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Un choque inesperado

María Reimóndez

Ilustración de cubierta de Julia Lago

oqueleq

Este libro está dedicado ás Meilán, ás que xa non están e ás que quedamos: a miña curmá Susana e as súas pequenas Nuria e Elena.

Este foi tamén o derradeiro libro meu que leu a miña mai María José Meilán e sen ela a escrita será máis solitaria. Por iso conto con vós máis que nunca para acompañala!

Finalmente, é un libro dedicado á cidade na que me fixen persoa e dende a cal sigo entendendo o mundo:
Lugo.

PAM! Así fora o golpe das catro cabezas e corpos que se dirixían, atoleiradas e sen control, ao mesmo punto. No Lugo de 2060, chocar ás toas non era un feito habitual. Era esta unha cidade perfectamente organizada, na que o xeral da xente sabía por onde tiña que andar.

Aínda así, as catro cabezas que acababan de bater non era que fosen desorganizadas, é que nese momento levaban a présa do demo, e a présa é sempre mala conselleira.

Ada viña a paso lixeiro dende o oeste. Os seus pais deixáranla na rúa Bispo Aguirre e entrara pola porta da muralla fochicando como adoito no seu dispositivo portátil, un ordenador de ilimitada potencia contido no corpo enxoiado e diminuto dun reloxo. Gustáballe ler os códigos de programación integrados na Intelixencia Artificial da cidade

mentres ía camiñando, facíanlle os paseos máis entretidos, só que agora non tiña moito tempo. Se alguén a quixese describir brevemente seguramente destacaría que é unha xenia da computación e da informática.

10 Xela viña dende o norte. O seu pai Xoel deixá-raa na rúa Montevideo á altura da Rúa Nova, pola que entrara derrapando porque o seu pai Xoel sempre ía a toda velocidade para dar chegado a traballar. Xela baixara con Morcego, o seu can, algo mareada como adoito, e continuara a pé o traxecto co seu libro no peto, notando o reverberar dos muros de pedra das casas antigas e o bater da cola do animal nas súas pernas. Se alguén a quixese describir brevemente seguramente destacaría que é unha lingüista sen parangón.

Lily viña dende o sur. Entrara rapidamente pola porta da muralla no patinete eléctrico que ela mesma construíra había xa anos e pasara por diante da catedral coma unha faísca. Subira a pequena costa sen tocar o chan, cruzara a Praza do Campo e enfiara a Rúa Nova en dirección á Praza da Soidade gozando de cada xiro e cada curva, o máis pechada posible, esquivando a aquela hora xa

as xentes que se amoreaban nos locais. Se alguén a quixese describir brevemente seguramente destacaría que é unha mestra da enxeñería.

E, por suposto, Mercy viña correndo dende o leste. Subira alancando a costa que a separaba da cidade, dende o barrio do Sagrado Corazón, mochila vella ao lombo; cruzara a porta de San Pedro para entrar na cidade vella e agora pasaba coma un lóstrego por diante da Praza de Abastos. O edificio levaba aínda o nome da súa función anterior, se ben neste momento estaba baleiro porque, dende que acabaran coas granxas e as hortas, non había nada que vender que non viñese en grandes camións ás grandes superficies comerciais. O Concello pensaba converter o espazo nunha especie de museo e vender os produtos dos camións nos pequenos postos, pero polo de agora non había nada en firme e o edificio botaba unha sombra escura de ruína pechada. Se alguén quixese describir a Mercy brevemente seguramente destacaría que é un prodixio deportivo.

Dende os catro puntos cardinais, correndo por unha cidade na que só había persoas coma fantas-

mas, foráneas e descoñecidas, estas catro mozas prodixiosas, tan excelentes cada unha no seu, non tiveran pericia abonda para evitar unha boa colisión.

PAM! E alá foran o dispositivo integrado de Ada, o libro de Xela, o patinete automatizado de Lily e a mochila vella de Mercy.

12 Sucedéronse as exclamacións.

—Pero...

—Que...

—A ver...

—Que sodes, cegas? —preguntou Ada, que era moi boa no da informática pero se cadra non tanto na socialización.

—Pois si! Son! —retrousou Xela, que adoito se amosaba rabuda—. Pero vós pareceades parvas. *Y mae'r deillion yn gweled eilwaith, a'r cloffion yn rhodio* —e cando estaba rabuda, saíalle falar en linguas estranxeiras.

—Esta quedou fata do golpe —exclamou Ada unha vez lle pasou o descoloque inicial de saber que si, efectivamente, Xela era cega.

—Non quedei fata, falei en polaco. Fata seralo ti.

—A ver, haxa paz —indicou Mercy, recollendo a súa mochila na que levaba a botella coa bebida isotónica e unha toalla porque logo aínda tiña que ir adestrar un anaco. Comprobou que o vello teléfono móbil que usaba para medir a súa velocidade correndo, un iPhone20, estaba en bo estado.

—Que reliquia *vintage*! —interesouse Ada polo aparello, mais Mercy meteuno de novo na mochila sen darlle moito tempo a velo.

—É fácil deducir que todas vimos ao mesmo e estamos perdendo o tempo —Lily torceu o bico, porque era moi pragmática, mentres comprobaba o estado do seu patinete.

Porque, efectivamente, as catro viñan ao mesmo. As catro viñan ao Museo Provincial investigar para o grande evento turístico da cidade, o Arde Lucus. Era este o inicio da chegada das hordas de todos os recunchos do planeta para cambiar un chisco máis a faciana da urbe. No Arde Lucus, as persoas autóctonas tiñan permisos especiais para visitar monumentos que, en situación normal, estaban restrinxidos unicamente a turistas. O Museo Provincial era un deles, e estaba a piques de pechar.

—Veña, menos parola! —insistiu Lily e dirixiuse cara á porta, non sen antes ficar mirando para Xela tentando descifrar como, se era unha persoa cega, se movía con tanto tino. Concluíu que debía ter sensores de movemento. Lembraba ler un artigo de enxeñería colaborativa no que por fin se conseguira imitar a percepción espacial dos morcegos. Os morcegos emitían sons de alta frecuencia que, ao rebotar contra as superficies, lles permitían facer un mapa mental no que orientarse mediante ecolocalización. Lily sabía todo do experimento. Por iso ficou aínda máis estupefacta ao ver que Xela sacaba un morcego da manga.

—Non alucines, non é de verdade —pero non era cega?—. O que é de verdade é Morcego.

E entón asubiou e da esquina da praza apareceu un enorme can branco e peludo.

—Pero por que lle chamas Morcego se é un can? E branco! —inquiriu Lily, que aínda estaba pensando no estudo e non lle atopaba lóxica ao que vía.

—*Zostawcie ich! Ślepi są przewodnikami ślepych, a jeśli ślepy ślepego prowadzi, objaj w dół wpadną* —continuou Xela como única resposta.

—Que dixo? —preguntou Mercy.

Só nese momento Ada caeu en que non é que Mercy fose extraordinariamente alta, senón que se erguía enriba das súas pernas protésicas brillantes na luz da tarde. Terían programación neuronal? Eran estes prodixios da informática, a capacidade de estimular os nervios de extremidades amputadas. As próteses que se programaban así eran case coma as pernas humanas. Un día que chufaba ante o seu irmán dos seus coñecementos do tema, este dixéralle que non falase así, que humanas eran todas. E tiña razón. Ela ás veces non era moi sensible. Interesábanlle máis as linguaxes de programación ca os seres humanos.

15

—Perfecto, eu cega e esta xorda —mordeu as sílabas Xela.

—Entrades ou que facedes? —interrompeu Lily xa no bico das escaleiras.

—Entramos, entramos —contestou Mercy.

E as catro descoñecidas que acababan de pór as súas cabezas por xunto sen querer, entraron no vello edificio do Museo para observar o mosaico e demais restos romanos como cada ano, tentando buscar novas interpretacións ao visto mil veces

antes e esquecer o golpe que levaran. O Concello organizaba un premio para o mellor traballo ao redor do pasado romano da cidade, que se entregaba o día do peche do Arde Lucus na Praza Maior. Este era o primeiro ano que as catro superaran o límite de idade que se esixía para poder concursar. Era un bo feixe de cartos e había moita competencia.

16

Mercy precisaba desesperadamente o diñeiro para unhas próteses novas, as que tiña comezaban xa a quedarlle pequenas. Ada quería mercar un procesador máis potente, aínda que sabía que sempre llelo podería pedir aos seus pais, que eran funcionarios. Lily soñaba con experimentar con novos nanomateriais, e para iso precisaba os compostos base. Xela quería os cartos para mercar libros, tan caros agora pola dificultade de producir papel.

Os proxectos podían presentarse en grupo, mais, polo de agora, cada unha entretívose mirando con celo cada elemento, consciente de que algunha das outras podería ter unha idea mellor ca a súa. Miraban de esguello e ao final saíron todas coas cabezas baleiras e algo machucadas, sen saber que aquela casualidade había ser o principio dunha aventura tan inesperada coma o choque.

Xela non puidera evitar botarse a chorar coa noticia. Fíxoo discretamente, no seu cuarto, acompañada por Morcego. Xa non era unha nena pequena para bagoar diante da xente por calquera cousa.

Hoxe o seu pai Ahmed anunciara, entre triste e enfadado, que sería a derradeira «ra».

—De-rra-dei-ra —dixo, pondo énfase na palabra.

Derradeira.

Xela tocou a ra cos dedos. A súa forma redondiña, os oliños de manteiga, doces montículos suaves, o chocolate polo que deslizar o dedo, a lingua de froita confeitada. Non tivo valor para sentir o crocante da cobertura na boca e logo aquel corpo mol e intenso, o biscoito, a manteiga. Esas doces ras levaban sendo parte de quen era toda

a vida. Unha lembranza das merendas cos seus pais. Agora que se sentía a miúdo tan desorientada, nin pequena nin maior, quitábanlle un anaco de quen era ao que pensara que sempre podería aferrase. Nunca máis? Iso parecía.

O seu pai Ahmed xa llo adiantara había unhas semanas, mais ela elixira esquecer, borrar. Pensara, mesmo, que se gañase o concurso do Arde Lucus cunha transcreación de textos latinos, como tiña pensado, podería dar os cartos á dona da Mallorca para que non tivesen que pechar. Non quixera matinar niso moito tampouco ata hoxe, mentres escoitaba dende o cuarto a conversa dos seus pais.

—Cantas xeracións? —decía Ahmed—. A miña infancia toda.

—Están acabando coa cidade.

—Toda esa merda do turismo... —bramou Xoel—. Ás persoas que queren vir acó traballar non as deixan, agora ben, invádenos esta xente branca e con cartos e todo en orde.

—E aínda por riba dinnos que se non fose por esta invasión non teríamos traballo —dixera o seu pai Ahmed.

E Xela sabía que en certa medida era así. O seu pai Ahmed traballaba nun súper e o seu pai Xoel na recepción dun hotel.

—Mais sempre poderíamos traballar doutras cousas —explicáballe a miúdo o seu pai Ahmed, sen darlle moitos detalles.

—Dentro de pouco non haberá tendas nin traballos máis ca servir a outros —rosmaba o seu pai Xoel.

—Unha escravitude diferente —moumeaba o seu pai Ahmed.

Cando os escoitaba falar así, Xela pensaba se non vían xa como estaba a cidade, que iso todo xa comezara. Sentía rabia e impotencia, como lle pasaba ultimamente, ante o mundo que lle deixaban as xeracións anteriores. Así que agora ía ser ela quen o tivese que solucionar? Pois moi ben. Estupendo o de facerse maior. Coma se o camiño ata aquí fose doado. E agora nin sequera tería o conso-lo dunha deliciosa ra de cando en vez.

Afundiu a man na peluxe de Morcego e non puido evitar abrazalo para deter aquela sensación de que o chan comezaba a desaparecer baixo os seus pés.